

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº 2016000008938
01/06/16 10:24:11

PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES

O persoal de administración e servizos terá dereito a un permiso durante os días de realización de exames finais ou outras probas definitivas para a obtención dun título académico ou profesional (Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional, Grao, Mestrado ou equivalente), probas finais acreditativas de nivel nas Escolas Oficiais de Idiomas e nos Centros de Linguas, así como para concorrer a probas selectivas de acceso ao emprego público. Neste último caso, se as probas se realizan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e valorando as circunstancias do caso concreto, a Xerencia poderá autorizar un día adicional para o desprazamento.

Concederase un permiso para asistir a probas obrigatorias incluídas nas actividades de formación expresamente autorizadas dirixidas ao persoal das administracións, que abranguerá o tempo necesario para realizalas e, de selo caso, o de desprazamento.

Están excluídos os exames ou probas de aptitude como os que se realicen para obter permisos de condución de vehículos e similares.

A solicitude, consonte o modelo dispoñible no seguinte enderezo http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/info, entregaráselle á persoa responsable da unidade cunha antelación mínima de quince días naturais. Nos tres días seguintes á súa realización, xustificárase mediante documento acreditativo no que debe constar: denominación da proba, data, hora de inicio e fin, lugar e centro/organismo. A continuación a persoa responsable da unidade remitirá a solicitude xunto coa xustificación á Xerencia.



Vigo, 1 de xuño de 2016

Xerente,

Manuel Fernández Jauregui